

A atención do Presidente da Xunta de Galiza

Riotorto a 31 de outubro do 2013

Estimado Presidente:

Non teño dúbidas de que é vostede consciente, como milleiros de cidadáns galegos, do grave prexuízo que vai significar para a poboación de Galiza a decisión do Goberno do Estado de fixar un copago para os medicamentos utilizados polos doentes crónicos, e de xeito moi particular para aquelas doenzas como o cancro de mama, de ril ou a leucemia ou os tumores cerebrais.

Na mesma liña quero amosarlle a miña estrañeza polo feito de que até a data teña apoiado esta decisión do Goberno do Estado de multar a aqueles galegos e galegas que cometen o delito de contraer unha enfermidade crónica e por suposto que non seguisse o exemplo doutros territorios veciños como Asturias ou Castela- León.

Supoño que non será a súa vontade tornarse en cómplice da morte de compatriotas seus polo feito de que os mesmos non teñen diñeiro para pagar a súa medicación, porén no caso de que non exclúa aos galegos e as galegas deste copago pasará a ser responsábel do que lle poida acontecer, tamén da morte, a moitos cidadáns de Galiza.

Apelo a súa humanidade, aínda está a tempo de demostrar se lle queda, para darlle unha solución a este problema e nese sentido solicítolle unha xuntanza con membros da Iniciativa Galega pola Gratuidade da Sanidade antes do mércores 6 de Novembro a fin de atopar unha solución para un problema que pon en risco a vida de miles de compatriotas nosos, particularmente daqueles que menos recursos teñen.

Sen outro particular, recibe unha fraternal aperta.

Federico Xosé Gutiérrez Estoa

Alcalde de Riotorto

Iniciativa Galega pola Gratuidade da Sanidade